



Inicio das obras na senda de Boqueixón



Senda de Castro coa Devesa (Oural)



Al últimas en comezar: Picota-Cusanca



Senda peonil entre Vigo e Lamas

Boqueixón avanza pola senda da mellora da seguridade viaria

O Concello ten en marcha ata cinco sendas peonís no municipio. A senda de Picota a Cusanca, en Lestedo, foi a última en incorporarse ao listado, cun orzamento de case 90.000 euros. Así mesmo, tamén avanza a bo ritmo as obras da senda peonil de Ponte Ledesma a Noente, en cuxa entrada se concentran os traballos estes días. Unha actuación na que o Concello inviste case 470.000 euros.

Así mesmo, ao longo do pasado mes de xuño, tamén comezaron os traballos previos doutras tres sendas



Alcalde e concelleiro de Obras comprobando os avances en Ponte Ledesma-Noente

peonís: a que comunica o cruce da aldea de Castro coa Devesa-campo da festa de Oural; a senda peonil

de Vigo a Lamas; e do campo da festa de Boqueixón á zona da Igrexa e o centro de saúde.

Cinco tractores rozan e limpan todas as parroquias

O Concello ten en marcha a súa campaña de limpeza e roza de pistas municipais, espazos naturais e contornas dos elementos culturais e patrimoniais do municipio. Neste momento hai 5 tractores traballando e agárdase que o próximo mes de agosto estean rozadas máis de 350 quilómetros de pistas.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

23 xun / 06 xul

OURAL-POUSADA-SUCIRA

Campo da festa

07 xul / 13 xul

LEDESMA

Campo da festa

14 xul / 20 xul

A GRANXA

Campo da festa

21 xun / 03 ago

SERGUDE

Campo de San Bieito



A unidade móbil do programa Retorno, visita Lestedo en xullo

Unha unidade móbil do programa Retorna da Xunta de Galicia desprazarase o xoves 24 de xullo ata Boqueixón para prestar atención ás persoas retornadas do municipio. Esta oficina móbil instalarase na Praza da Feira de Lestedo, de 9:00 a 14:00 horas.

Trátase dun servizo gratuito de asesoramento sobre trámites administrativos, prestacións, subvencións, axudas, asistencia sanitaria, vivenda, formación, orientación laboral e emprego. Para acudir é preciso solicitar cita previa a través da web <https://acortar.link/jOiWVf> ou no teléfono 900 102 380.

Aberta a inscrición en Benestar en Balnearios 2025

Ata o 16 de xullo está aberto o prazo de inscrición no programa *Benestar en balnearios*, organizado pola Xunta e dirixido a persoas maiores de 60 anos (ou pensionistas de máis 55) e persoa acompañante. Inclúe 10 días en réxime de pensión completa a escoller entre diferentes balnearios de Galicia ata o mes de decembro. Anotacións na sede electrónica da Xunta.

Boqueixón avanza na dixitalización do servizo de abastecemento de auga

O Concello de Boqueixón avanza na dixitalización do abastecemento de auga potable no municipio. Unha actuación que garantirá “a prestación dun servizo máis eficaz e eficiente aos veciños e veciñas de Boqueixón, ademais de optimizar a calidade da auga e evitar perdas”, explica o alcalde, Ovidio Rodeiro.

Un proxecto promovido pola Xunta, a través de Augas de Galicia, que permitirá ao Concello xestionar, en tempo real e en remoto, os sistemas municipais de abastecemento de auga a través da implantación e posta en marcha dunha serie de estacións dixitais de monitorización. Así poderanse coñecer datos como



Dispositivos para a telexestión e mellora do abastecemento municipal de auga

o caudal ou a turbidez da auga, permitindo así actuar o antes posible ante calquera incidencia, evitar perdas de auga e garantir a calidade da auga que chega ás casas de Boqueixón.

O Concello xa ten instalados os distintos dispositivos de telecontrol, tanto na

ETAP de Orto como no depósito do Pico Sacro e nas captacións de auga dos ríos Ulla e Pontillón, así como do manancial de Reboredo. O obxectivo é que este mesmo verán se poidan poñer en marcha e mellorar a xestión do ciclo integral da auga en Boqueixón.

Comezan as obras de mellora na escola infantil de Sergude

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora da eficiencia enerxética da escola infantil de Sergude, nas que investirá máis de 140.000 euros. Unha tripla actuación que inclúe obras de mellora da envolvente térmica do edificio, a instalación de sistemas de iluminación eficiente no seu interior e mellora dos sistemas de calefacción. Ademais, cambiaranse as fiestras por outras de aluminio.



Para evitar molestias, as obras acometeranse durante as vacacións de verán

Carlos Núñez ofrecerá un concerto no Pico Sacro o mércores 30 de xullo

O Pico Sacro acollerá un concerto de Carlos Núñez o próximo 30 de xullo, ás 20:00 horas, dentro da súa xira "Lugares máxicos 2025". "Será un concerto único e irrepetible nun dos lugares máis máxicos e lendarios de Galicia que tamén se está amosando como un recinto excepcional para acoller este tipo de espectáculos", apunta o alcalde, Ovidio Rodeiro, quen lembra que "se o ano pasado puidemos gozar da espectacular posta en escena do bruxo Queiman, agora é a quenda de Carlos Núñez, que vén de sacar un último traballo, denominado *Celtic sea*, e que vai ter á súa disposición unha montaña que agocha múltiples lendas de orixe celta, como se puido comprobar esta mesma semana coa Cerimonia do Lume Sagrado ou esa que fala dun cabalo branco que se despraza polo ceo ou a trans-



Carlos Núñez traerá súa xira "Lugares máxicos 2025" ao Pico Sacro

lación celeste do Camiño de Santiago que marcaba a Vía Láctea como o camiño ao alén".

As entradas para este concerto xa están á venda por 23 euros na web www.carlosnunez.com. O concerto de Boqueixón será a culminación dunha xira por lugares emblemáticos de Galicia como O Pasatempo de Betanzos, a Colexiata do Sar, o Mosteiro de Oseira ou o castelo de Salvaterra de Miño, entre outros.

Visitas guiadas

Por outra banda, o Concello levará a cabo ata o 14 de setembro un programa de visitas guiadas e de balde ao Pico. Uns percorridos de hora e media que terán lugar os venres, sábados e domingos, con tres horarios dispoñibles: 12:00, 16:00 e 18:00 horas. O punto de encontro é o aparcadoiro e é preciso anotarse no Departamento de Turismo (981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com).

Os Atardeceres no Pico, unha singular experiencia

Os venres 4 e 11 de xullo chega unha novidade: "Atardeceres no Pico", unha visita guiada para desfrutar dunha espectacular posta de sol dende o cumio do monte ilicino, ao tempo que coñecen as múltiples lendas celtas vinculadas a esta localización.

O punto de encontro será tamén o apartadoiro do monte sacro, ás 20:30 horas. O número de prazas é limitado, polo que é precisa inscrición previa no Departamento de Turismo de Boqueixón: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.



O lume sagrado alumea o San Xoán

O Pico Sacro acolleu un ano máis a lendaria Cerimonia do Lume Sagrado. O tempo acompañou e o séquito da Raíña Alda, interpretado pola Asociación da Fervenza do Castro de Calobre e baixo os acordes do grupo Son de Gaita, puxo en escena este ritual celta co que os nosos devanceiros celebraban o Solsticio de Verán. Un lume que serviu para acender moitas candeas coas que se prenderon as cacharelas do San Xoán.



Boqueixón promóvese en Turexpo

Boqueixón participou en Turexpo, o salón turístico de Galicia celebrado no marco da Semana Verde. O alcalde Ovidio Rodeiro e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, visitaron o stand do Concello, que deu a coñecer os seus recursos naturais, co Pico Sacro como buque insignia, e as tres festas de interese turístico: Filloa de Lestedo, Entroido de Sergude e Carrozas de San Cidre de Oural.

Noite Velada e Batalla de Ponte Ledesma para comezar agosto

O campo do río de Ponte Ledesma será escenario na primeira fin de semana de agosto dunha nova edición da Noite Velada e da Batalla de Ponte Ledesma. Así, o venres 1 de agosto, a partir das 21:30 horas, a Noite Velada volverá unir a mellor música co espectáculo de luz das candeas e as teas.

Dous días despois, o domingo 3 de agosto a partir das 20:00 horas, será a quenda da Batalla de Ponte Ledesma, que recrea o enfrontamento da veciñanza e as tropas napoleónicas en marzo de 1809. Dende o Concello ofrécese a posibilidade de participar como figurante, anotándose no Departamento de Cultura: 981 513 115.



Graduación de 4º ESO no CPI Antonio Orza Couto



Festival de fin de curso da EIM Raiña Lupa



Acto de fin de curso da AC Mestre Manuel Gacio



Fin de temporada da Escola de Fútbol Vedra-Boqueixón

Celebracións de fin de curso

Coa chegada do verán, multiplícanse as festas de fin de curso. Unha das primeiras tivo lugar na carballeira de Lestedo, onde a Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio agasallou á veciñanza cun magnífico espectáculo de música e baile tradicional galego.

Por outra banda, mentres os meniños da Escola Infantil Raiña Lupa celebraban a fin deste curso e o paso de moitos deles "cos maiores" do CPI Antonio Orza Couto, nese mesmo centro graduábase o alumnado de 4º da ESO, recollendo os seus correspondentes diplomas.

E o Campo do Coto acolleu a fin de tempada da Escola de Fútbol Vedra-Boqueixón, que xa abre inscricións para nenos e nenas nados entre 2007 e 2021. Anotacións en www.escolasdeportivasvedra.org. Máis info: 622 629 205 / vedraboqueixon.ed@gmail.com.



Concorrida excursión a Vilanova da Cerveira e A Fortaleza

Concorrida excursión a Vilanova da Cerveira e A Fortaleza, organizada polo Concello. Unha visita na que as persoas participantes puideron non só coñecer os lugares máis emblemáticos destas dúas vilas portuguesas, senón que tamén aproveitaron para comprar nos seus coñecidos mercadillos.



Merecida homenaxe ao mestre Antonio Vázquez Turnes

O alcalde, Ovidio Rodeiro, participou na homenaxe que o Concello de Vedra ofreceu a Antonio Vázquez Turnes, mestre nas escolas unitarias de San Miguel de Sarandón e tamén do CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas, dende 1992. Turnes xubilase tras 48 anos de docencia, deixando unha pegada imborrable na veciñanza.



O alcalde consegue 60.000 € para o parque empresarial de Camporrapado

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, reuniuse coa conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, con quen abordou os apoios da Xunta para o desenvolvemento do parque empresarial de Camporrapado. Neste sentido, compre lembrar que o Goberno galego concedeu este ano axudas por importe de case 60.000 € para habilitación e mellora das infraestruturas viarias deste polígono.

Así mesmo, Rodeiro Tato mantivo tamén unha reunión coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para abordar cuestións en materia de urbanismo e mobilidade que melloren a calidade de vida da veciñanza.



O Concello non deixa a ningunha familia sen conciliar: 108 crianzas inician o Verán Activo 2025

Un total de 108 nenos e nenas de Boqueixón disfrutan estes días e ata o 5 de setembro do Verán Activo, un programa lúdico e educativo creado para facilitar a conciliación da vida persoal e laboral das familias durante as vacacións escolares. Unha iniciativa enmarcada dentro do Plan Corresponsables na que o Concello aceptou todas as solicitudes das familias, de forma que por segundo ano consecutivo ningunha crianza quedasen atender.

A maiores, mantéñense as bonificacións á maior parte das familias, que chegan á gratuidade total nos casos con menores recursos económicos, así como o servizo de comedor, o que supón ampliar nunha hora e media máis o horario do Verán Activo.



As alfombras florais volven engalanar o Corpus en Sergude

Sergude celebrou as súas festas na honra a San Antonio e ao Santísimo os pasados 21 e 22 de xuño, onde un ano máis se puido disfrutar das espectaculares alfombras florais elaboradas pola veciñanza. Unhas creacións tan fermosas e laboriosas, como efímeras.

Os locais Son de Gaita, o Dúo Charada e a Banda de Ponte-deume puxeron a nota musical, xunto ao coro parroquial que cantou as dúas misas solemnes. Ademais, co San Xoán ás portas, a xornada do sábado rematou cunha gran sardiñada e churrascada.



Codeso volve honrar a San Paio

Codeso volveu honrar a San Paio cun programa especial de catro días, do 20 ao 23 de xuño. A parte relixiosa estivo composta por catro misas, así como pola tradicional procesión do venres ata a capela xunto ao grupo de gaitas Pena do Corvo, que tamén amenizou as sesións vermú do sábado e domingo, esta última xunto ás Pandereteiras de Codeso. O dúo Punto Zero e a Charanga BB+ completaron a festa.



Lobato presenta o seu novo libro

O Centro de Interpretación do Pico Sacro en Cacho-senande quedou pequeno para acoller a presentación do libro "Casiopaea... luz do norte", editado por Edicións Fervenza. Un acto no que o seu autor, Xosé Manuel Lobato, estivo arroupado polo alcalde, Ovidio Rodeiro; o secretario Xeral da Lingua, Valentín García; o ilustrador do libro, Ramiro Cimadevila, Natalí Cacho e Fátima de la Iglesia.

O Concello abre o prazo para pedir as axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello abre o prazo para solicitar as axudas a entidades sen ánimo de lucro para este ano 2025. Unha axudas que suporán un investimento de 15.000 euros e que poderán solicitarse durante este mes de xullo. O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “o obxectivo destas axudas é financiar actividades que complementen as organizadas polo Concello e que contribúan a fomentar os intereses do municipio”. Por iso, valorarase o número de socios e socias da entidade, o número de actividades a facer e a continuidade do programa, entre outros criterios. As subvencións, convocadas en réxime de concorrencia competitiva, non poderán superar os 1.000 euros por entidade.

Os cursos de inglés e as actividades deportivas amplían prazo de inscrición

O Concello vén de ampliar o prazo de inscrición nas actividades deportivas para persoas adultas 2025/2026 e nos cursos de inglés alumnado de infantil, primaria, secundaria e mocidade a partir de 16 anos.

En ambos os dous casos, as fichas de inscrición poden descargarse de www.boqueixon.gal e deberán presentarse a través da sede electrónica municipal. Máis información: 981 513 061.

Fin de curso nas clases de ioga, novas tecnoloxías e memoria

Coa chegada do verán as distintas actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello pechan as súas portas e tanto alumnado como profesorado toman un respiro para coller forzas de cara o inicio do curso 2025-26.

Este ano, algo máis de oitenta persoas participaron nas actividades para adultos convocadas polo Concello de Boqueixón. Son o caso das clases de ioga, impartidas por Agora Yoga; dos obradoiros da memoria ou das clases de novas tecnoloxías, nas que se montaron varios grupos no Forte, Lestedo e Camporrapado.

O Concello de Boqueixón abrirá o próximo mes de setembro o prazo de inscrición no curso 2025-2026, que se desenvolverá de outubro a xuño, coa excepción dos días festivos. As inscricións poderán facerse a través da sede electrónica ou en persoa no Rexistro.



Divertida “performance” das alumnas e alumnos do curso de ioga



Festa de fin de curso de memoria e novas tecnoloxías en Camporrapado



O alcalde visitou ao alumnado do curso de novas tecnoloxías de Lestedo



As casas do maior de Loureda e Carabán comparten xornadas

Os maiores das dúas Casas do Maior en Boqueixón, as de Loureda e Carabán, levan un tempo colaborando e organizando actividades conxuntas para os seus maiores. Así, tras un primeiro encontro celebrado na casa do maior de Carabán, na que todos e todas compartiron merenda e xogos de mesa, recentemente tamén desfrutaron dunha xornada de lecer conxunta na área recreativa de Sucira.

Máis de 150 rapaces e rapazas disfrutan dos campamentos de verán

Máis de 150 rapaces e rapazas disfrutaron dos Campamentos de Verán 2025, organizados polos Concellos de Boqueixón e Vedra. Así, os máis novos, entre os 9 e os 11 anos, gozaron de catro días de ximcanas, obradoiros, actividades acuáticas, praia, piscina e actividades multiaventura no camping de Cachadelos, en Sanxenxo. Unha estancia que combinaron con saídas a O Grove, ao seu acuario e ao miradoiro de Siradella.

Pola súa banda, a rapaza da entre 12 e 16 anos disfrutaron de oito días dun Campamento de Mar no albergue xuvenil de Sinas, en Vilagarcía de Arousa. Ademais de visitar Vilanova e Vilagarcía, tamén realizaron unha ruta pola Illa de Arousa e actividades como pádel surf, kaiak, skim-bodyboard ou snorkel.

Os alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro,



Minicampamento de aventura no camping de Cachadelos (Sanxenxo)



Campamento de Mar celebrado en Vilagarcía de Arousa

e Vedra, Carlos Martínez, viaxaron a Sanxenxo e Vilagarcía para saudar aos pe-

quenos e comprobar que o desenvolvemento dos campamentos foi satisfactorio.

A Xunta declara as Carrozas do San Cidre Festa de Interese Turístico de Galicia

O Consello da Xunta aprobou declarar as Carrozas do San Cidre como Festa de Interese Turístico de Galicia pola creatividade e innovación da celebración promovida pola veciñanza de Oural; o coidado do contorna e a afluencia de xente, entre outros criterios. O alcalde, Ovidio Rodeiro, felicita a “todos os veciños e veciñas de Oural por esta máis que merecida distinción por facer cada ano un atractivo programa de actividades, pola fermosas carrozas coas que nos sorprendedes e por poñer en valor o rural e o labor dos labregos e gandeiros. Se alguén merecía un recoñecemento era a veciñanza de Oural que leva máis de medio século poñendo o seu traballo e cariño para ofrecer unha das mellores romarías”.



A marcha Eurovelo Compostela trouxo 2.000 ciclistas a Boqueixón

Máis de 2.000 cicloturistas de Galicia e Portugal tomaron parte na marcha Eurovelo Compostela, que atravesou Boqueixón. O Concello aproveitou para entregarlles un folleto turístico convidándoos a volver visitarnos con máis tempo e disfrutar da nosa gastronomía e riqueza natural e patrimonial.



O Squadra Boqueixón pecha a tempada cunha exhibición no Forte

Unha espectacular exhibición de fin de curso na que todas as ximnastas puideron amosar as súas dotes de coreógrafas pechou a temporada 2024-2025 do Squadra Boqueixón. O alcalde, Ovidio Rodeiro, felicitounas polo seu labor e lembrou que está aberta a inscrición para o curso intensivo no Forte do 26 ao 30 de agosto.



Uns maiores moi activos

As persoas maiores que participan no programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón veñen de realizar unha visita á Catedral de Santiago, acompañados pola concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde, e pola educadora familiar e coordinadora do programa, María Pereira. Percorreron a catedral co mellor guía: Javier Buide del

Real, párroco de Boqueixón, Codeso, Donas, Ledesma, Oural, Pousada e Sucira, así como director do Arquivo da Catedral e coengo arquivero.

Días despois, os maiores reuníronse coa rapazada do CRA Boqueixón-Vedra, en Lestedo e en Sergude, aos que lles contaron como eran as festas ás que ían cando eran novos e que música escoitaban. Pola súa banda,



Javier Buide del Real encargouse de guiar aos maiores pola catedral compostelá

os pequenos tiñanlles preparada unha sorpresa: cantaron unha cantiga tradicional con pandeiretas, ao que

os maiores do programa de Prevención da Dependencia contestaron interpretando a Rianxeira.

AXENDA DO MES DE XULLO

Venres
4

Atardeceres no Pico

Aparcadoiro do Pico Sacro. 20:30 h. Visita guiada. Inscripcións no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com

Sábado
5

XI Sons nas Fervenzas

Codeso. Argalleiros, Pandereteiras Silandeira, Pandereteiras de Codeso, Os da Tilleira, Son de Gaita, Travesas de Codeso, Vai nela e Pena do Corvo. A partir das 20:00 horas, sardiñas, churrasco e bebida (15€)

Venres
11

Atardeceres no Pico

Aparcadoiro do Pico Sacro. 20:30 h. Visita guiada. Inscripcións no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com

Sábado
12

Romaría de San Bieito

Rodiño. Sergude. Ás 19:45 h sairá a procesión ata a capela con Son de Gaita. Misas ás 20:00 e 21:00 h. Verbenas: Caramba, Orquesta Compostela e Disco Móvil Impacto.

Sábado
12

Ruta Fotográfica Ambiental

Coto de Ximonde. De 10 a 13:00 h. Fotografía de fauna e flora con Fernando Lueiro. Inscripcións de balde: www.boqueixon.gal

Domingo
13

Romaría de San Bieito

Rodiño. Sergude. Misas rezadas cada hora dende as 9:00 h (solemne ás 13:00 h, cantada polo coro parroquial de Sergude). Ás 10:00 h, puxa dos polos. Pasarrúas, procesión e sesión vermú coa Banda de Música de Padrón, sección Musical Veracruz e Charanga Os Atrevidos. Pulpeiro, cantina e atraccións

Xoves
24

Oficina móbil do Programa Retorno

Praza da Feira. Lestedo. De 9 a 14:00 h. Atención a persoas retornadas. Cita previa no 900 102 380.

Mércores
30

Excursión a Ferrol

Visitas ao porto, Museo da Construción Naval e paseo guiado polo casco histórico. Inscripcións: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es

Mércores
30

Concerto Carlos Núñez

Pico Sacro. 20:00 h. Xira "Lugares máxicos 2025". Prezo: 23 euros. Entradas: www.carlosnunez.com

...e en agosto

Venres
1

Noite Velada

Campo do Río de Ponte Ledesma, 21:30 horas. Actuación de grupos folclóricos.

Domingo
3

Batalla de Ponte Ledesma

Ponte Ledesma. 20:00 horas. Participa como Tropa francesa, Exército de Trasdeza, Batallón Literario ou Petrucio da Xunta de Trasdeza chamando ao 981 513 115.

Domingo
17

Ruta Contorna Pico Sacro

Aparcadoiro do Pico. 10:30 a 13:30 h. Inscripcións: www.boqueixon.gal

...e en setembro

Domingo
7

Ruta de pescadores (adiada de xullo)

Codeso-San Paio. 10:30 h. Inscripcións: 981 513 051 (Mª Cruz Ferreiro) / boqueixonturismo@gmail.com. Programa Goza do Ulla.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.es Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com